



Guía básica de actuación para o comercio retalista de obxectos fabricados con metais preciosos en establecementos de menos de 400 m²

Este guía básica queda suxeita ás modificacións que, en cada momento, poida establecer o Goberno ou, no seu caso, a Xunta de Galicia en función das súas competencias e da evolución da pandemia.

Medidas en relación co local (menos de 400 m²)

- Proceder:
 - Unha vez ó día, como mínimo, a revisar o funcionamento e a limpeza de sanitarios, grifos e pomos de porta dos aseos
 - Unha vez ó día, ó lavado e desinfección dos uniformes e roupa de traballo, no seu caso, que deberá lavarse de forma mecánica en ciclos de lavado entre 60 e 90 graos centígrados
 - Polo menos dúas veces ó día, á limpeza e desinfección do local, sendo unha delas obrigatoriamente ó final do mesmo, unha limpeza e desinfección das instalacións con especial atención a pomos de portas, mostradores, mobles, pasamáns, máquinas dispensadoras, chans, teléfonos, etc, así como grifos e outros elementos de similares características, utilizando desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50; é dicir, 20 ml de lixivia por litro de auga fría), concentración de etanol a entre 62 e 71 por cento, peróxido de hidróxeno ó 0,5 por cento nun minuto ou outros desinfectantes eficaces.
Despois de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección individual utilizados desbotaranse de forma segura, procedéndose posteriormente ó lavado de mans.
- É recomendable proceder á limpeza e desinfección frecuente de mostrador, teclados, terminais de pago, pantallas táctiles e zonas de contacto co público, cada vez que se atende a un cliente, ou cada cambio de turno de traballo.
Estas superficies poden limparse, segundo as súas características, cunha disolución de auga e lixivia (20 ml de lixivia comercial por litro de auga fría), ou con disolución de etanol entre 62 e 71%, auga oxixenada ou raios uva VC. E outros desinfectantes.



- Cando no establecemento ou local vaia a permanecer máis dun traballador atendendo ó público, as medidas de limpeza estenderanse non só á zona comercial, senón tamén, no seu caso, a zonas privadas dos traballadores, tales como vestiarios, taquillas ou aseos.
- Garantirase unha ventilación axeitada de todos os establecementos e locais comerciais.
- Non se utilizarán os aseos dos establecementos comerciais por parte dos clientes, salvo no caso de que resultara estrictamente necesario. Neste último caso, procederase de inmediato á limpeza de sanitarios, grifos e pomos de porta.
- Todos os establecementos e locais, deberán dispoñer de papeleiras, a ser posible con tapa e pedal nos que poder depositar panos ou outro material desbotable. Ditas papeleiras deberán ser limpadas de forma frecuente e, polo menos, unha vez ó día.
- Nos establecementos comerciais nos que haxa un ascensor ou montacargas limitarase o seu uso ó mínimo imprescindible, a ocupación máxima dos mesmos será dunha persoa, salvo que sexa posible garantir a separación de dous metros entre elas, ou naqueles casos de persoas que poidan precisar asistencia, en cuxo caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante.
- Respetar o aforo de cada fase. O aforo inclúe clientes e traballadores:
 - Fase I: 30 % (do 11 ó 24 de maio)
 - Fase II: 40 % (do 25 de maio ó 8 de xuño)
 - Fase III: 50 % (do 8 de xuño ó 22 de xuño)

No caso de establecementos distribuídos en varias plantas, a presenza de clientes en cada unha delas deberá gardar esta mesma proporción. Para o cómputo do aforo cóntanse clientes e traballadores.

Os clientes gardarán unha distancia mínima de dous metros entre sí.

Medidas en relación co persoal:

- Manter dous metros de distancia ou de non ser posible manter a maior distancia cos compañeiros de traballo e cos clientes e usar máscara.
- Lavarse as mans con auga e xabón (60º) ó entrar e saír do traballo e con certa frecuencia durante a xornada laboral
- Desinfectar as mans con hidroxel frecuentemente e sempre antes de manipular as pezas, incluso para ensinalas ó cliente
- Á hora de retirar as bandexas e antes de gardar as pezas, deben desinfectarse. No caso de usar luz ultravioleta:



1. Meter as pezas na caixa de desinfección (raios ultravioleta VC)
2. Desinfectar as mans
3. Desinfectar mostrador
4. Desinfectar caixa por zona exterior
5. Desinfectar mans
6. Retirar as pezas da caixa e colocalas no seu sitio
7. Desinfectar as mans

A limpeza de xoias tamén se pode facer con auga e xabón de maneira xeral. Tamén é válido o alcohol propílico de 70º, evitando a súa aplicación naquelas xoias que poidan ser danadas polo alcohol como as perlas, en cuxo caso se recomenda o uso de peróxido de hidróxeno (disolución ó 5% de auga oxixenada: 50 ml de auga oxixenada nun litro de auga). Ollo con algúns materiais como o coiro, as etiquetas, etc., que poden danarse.

- Deben cumprirse, en todo caso, coas obrigas de prevención de riscos laborais establecidas na lexislación vixente, tanto con carácter xeral como de maneira específica para previr o contaxio de COVID 19.
- Neste senso, asegurárase de que todos os traballadores contén con equipos de protección individual axeitados ó nivel do risco e de que teñan permanentemente á súa disposición no lugar de traballo xeles hidroalcohólicos con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade para a limpeza de mans, ou cando esto non sexa posible, auga e xabón.
- O uso de máscaras será obrigatorio cando non poida garantirse a distancia de seguridade interpersonal de aproximadamente dous metros entre o traballador e o cliente ou entre os propios traballadores
- Todo o persoal deberá estar formado e informado sobre o correcto uso dos citados equipos de protección
- O anterior será tamén aplicable a todos os traballadores de empresas que presten servizos no local ou establecemento, xa sexa con carácter habitual ou de forma puntual
- A disposición dos postos de traballo, a organización dos turnos e o resto de condicións de traballo presentes no centro modificaranse, na medida necesaria, para garantir a posibilidade de manter a distancia de seguridade interpersonal mínima dos dous metros entre os traballadores, sendo isto



responsabilidade do titular da actividade económica ou da persoa en quen esta delegue.

- A distancia entre vendedor ou provedor de servizos e cliente durante todo o proceso de atención ó cliente será de polo menos un metro cando se conte con elementos de protección (máscaras,...) ou barreiras (mamparas), ou de aproximadamente dous metros sin estes elementos
- Así mesmo, as medidas de distancia previstas deberán cumprirse, no seu caso, nos vestiarios, taquillas, aseos dos traballadores, así como en calquera outra zona de uso común
- Se un traballador empezara a ter síntomas compatibles coa enfermidade, contactárese de inmediato co teléfono habilitado para iso pola comunidade autónoma ou centro de saúde correspondente e, no seu caso, cos correspondentes servizos de prevención de riscos laborais. O traballador deberá abandonar o seu posto de traballo ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario

Medidas en relación co produto:

- Deberá de procederse:
 - Á desinfección inicial das pezas, soportes e bandexas que entraran en contacto con algunha persoa dende hai menos de 15 días
 - Á desinfección das pezas cada vez que sexan utilizadas ou manipuladas as bandexas soportes ou as pezas
- Procedemento de desinfección:
Se usamos luz ultravioleta:
 1. Meter as pezas na caixa de desinfección (raios ultravioleta VC)
 2. Desinfectar as mans
 3. Desinfectar mostrador
 4. Desinfectar caixa por zona exterior
 5. Desinfectar mans
 6. Retirar as pezas da caixa e colocalas no seu sitio
 7. Desinfectar as mans



Medidas en relación cos clientes:

Entrada:

- Establecer un horario de atención con servizo prioritario para maiores de 65 anos
- O tempo de permanencia nos establecementos e locais será o estrictamente necesario para que os clientes poidan realizar as súas compras e recibir a prestación de diñeiro
- Garantir unha distancia mínima de dous metros entre clientes.
- Os establecementos e locais deberán sinalar de forma clara a distancia de seguridade interpersonal de dous metros entre clientes, con marcas no chan, ou mediante o uso de balizas, cartelería e sinalización para aqueles casos nos que sexa posible a atención individualizada de máis dun cliente ó mesmo tempo, que non poderá realizarse de maneira simultánea polo mesmo empregado
- A organización da circulación de persoas e a distribución de espazos deberá modificarse, cando sexa necesario, co obxectivo de garantir a posibilidade de manter as distancias de seguridade interpersonal esixidas en cada momento polo Ministerio de Sanidade. Se a tenda o permite, separar a zona para entrar (de forma que o cliente se dirixa directamente ó mostrador), da zona para saír (de forma que se dirixa á porta), por exemplo, sinalizando o chan nestas zonas
- Se non é posible manter a distancia de dous metros entre clientes entrarán de un en un
- Nada máis entrar que desinfecte as mans (hidroxel). Para iso porase a disposición do público dispensadores de xeles hidoalcohólicos con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade,
- en todo caso, á entrada do local, que deberán estar sempre en condicións de uso.



- Procurar que o cliente entre con máscara. Se non dispón dela e non se pode gardar a distancia de dous metros podemos facilitarlla ou non permitir a entrada.
- Por razóns de seguridade, pode pedírselle que saque a máscara un momento e mire a cámara
- Procurar que o cliente non deambule pola tenda e que non toque o mobiliario, expositores, etc., salvo que sexa necesario
- Os establecementos e locais deberán expor ó público o aforo máximo de cada local e asegurar que dito aforo, así como a distancia de seguridade interpersoal de dous metros se respete no seu interior

Examen dos produtos:

- Resulta convinte que sexa o empregado quen mostre as pezas, usando para iso unha bandexa ou similar que será depositada no mostrador. Para iso, antes de retiralas dos expositores ou vitrinas haberá de desinfectarse as mans.
- Colocará as pezas en bandexas ou similares (que poidan desinfectarse ó concluir a atención do cliente) sobre o mostrador
- Permitirá o examen polo cliente e incluso que as probe. Previamente o cliente haberá de desinfectarse as mans
- Concluído o proceso, o empregado procederá á desinfección das pezas e bandexas utilizadas, seguindo o proceso indicado anteriormente ó sinalar as medidas en relación co produto

SAÍDA

Unha vez finalizada a venda procurar que o cliente saia pola zona sinalada ó efecto e, en todo caso, sin deambular pola tenda, mantendo a distancia de seguridade.